

PROPOSTA DE CALENDARIO COMÚN PARA O SUG Másteres

ACCESO	20 xuño - 20 xullo	Preinscrición
	23 -27 xullo	Lista de admitidos condicionada
	30 Xullo – 3 agost.	Reclamacións
MATRÍCULA	5 set.	Lista definitiva
	6 – 11 set.	1ª Matrícula
	12 set.	2ª Lista
	13 – 18 set.	2ª Matrícula
	19 set.	3ª Lista
	20 – 24 set.	3ª Matrícula
	25 set.	4ª Lista
	26- 30 set.	4ª Matrícula

PROPOSTA DE CALENDARIO PARA OS DOUTORAMENTOS

O calendario será o mesmo que estableza a Comisión de Doutoramento para o resto dos programas existentes.

PRECISIÓNS PARA OS MÁSTERES

Nº de convocatorias: unha, con avaliación continua. As calificacións faranse públicas ao remate da asignatura (habitualmente febreiro e xuño), as actividades de recuperación rematarán a 15 de xullo con publicación das calificacións finais.

Actas: unha que estará pechada a 30 de xullo. Nos casos en que haxa prácticas en empresas haberá unha acta única a pechar cando finalicen. O profesorado que non sexa da UDC terá acceso telemático ás súas actas. Unha vez cubertas as imprimirá e remitirá debidamente firmadas a administración do centro responsable do máster.

Avaliación: en base ás enquisas elaboradas en colaboración coa ACSUG. Nos POP interuniversitarios a avaliación será telemática, centralizada e única.

Admisión de estudantes iberoamericanos: Coa finalidade de facilitar o acceso aos másteres dos estudantes procedentes de iberoamérica, reservarase un cupo do 10% do total de prazas para eles. No caso de non se cubrir poderán optar a estas prazas os solicitantes doutras procedencias. Esta norma aplicarase tamén á inversa.

Prazos de solicitude e admisión para estudantes iberoamericanos: Coa finalidade de facilitar o acceso aos másteres destes estudantes fíxase un periodo de solicitude de admisión especial que irá do 1 de maio ao 15 de xuño. Con selección e publicación da lista de admitidos, por parte da comisión de selección, anterior ao 22 de xuño. Os solicitantes deberán remitir tanta documentación fose requerida polos criterios de admisión.

Admisión e matrícula por materias ou módulos: Poderase solicitar admisión por materias sueltas ou módulos no periodo ordinario de admisión e matrícula para todas as ofertadas nese ano polo máster. A petición do coordinador do máster poderase abrir un prazo de admisión e matrícula especial no mes de febreiro cando exista capacidade docente para atendelas ou existan prazos sin cubrir.

OFERTA DE NUEVOS TÍTULOS DE POSGRADO: CALENDARIO

Presentación: ata o 3 de setembro

Mesa interuniversitaria: do 4 ao 7 de setembro

Avaliación pola UTC e a Comisión de Posgrao: do 16 de setembro ao 16 de outubro

Mesa interuniversitaria: do 17 de outubro ao 24 de outubro

Consello de Goberno e Consello Social: ata o 23 de novembro

Presentación diante da Xunta de Galiza: ata o 30 de novembro.